



ILLA NOVA 2017
PREMIO DE NARRATIVA
EDITORIAL GALAXIA

A Editorial Galaxia convoca a primeira edición do Premio Literario Illa Nova de Narrativa 2017 para autores e autoras menores de 35 anos co obxectivo de estimular a creación. Cúmprense 60 anos dende que a Editorial Galaxia botou a andar a colección Illa Nova. Era 1957 e pretendían dar continuidade ao proxecto da editora a través das novas xeracións, sempre con vontade de renovación. Xohana Torres, Xosé Luís Méndez Ferrín, Xosé Luís Franco Grande, Bernardino Graña, Camilo Gonsar, María Xosé Queizán ou Carlos Casares foron algúns deses novos valores que publicaron na colección onde saíron algunhas das principais obras do que se deu en chamar “Nova Narrativa Galega”. Con esta mesma finalidade de abrir un camiño a quen está comezando no mundo da creación literaria, nace o Premio Illa Nova de Narrativa.

ESTE PREMIO CONCEDERASE DE ACORDO COAS SEGUINTE BASES:

- 1º Poderán optar ao premio as persoas **menores de 35 anos** na data da resolución do premio, de calquera nacionalidade ou procedencia, sempre que as obras se presenten en lingua galega, conforme á normativa vixente, sexan orixinais, rigorosamente inéditas e non fosen premiadas en ningún outro certame, nin en parte nin na súa totalidade.
- 2º Poderán concorrer novelas ou un conxunto de relatos cunha extensión mínima de 100 páxinas, tamaño DIN A4, mecanografadas en Times New Roman 12 a dobre espazo por unha soa cara. Deberán enviarse seis copias impresas, encadernadas ou cosidas, e copia dixital en CD coa obra en formato PDF ao enderezo: Premio Illa Nova de Narrativa, Avenida de Madrid, 44, baixo, 36204 - Vigo. O prazo de admisión de orixinais pecharase o **31 de marzo de 2017**.
- 3º Os orixinais irán asinados cun pseudónimo e un lema, que aparecerán tamén no exterior dun sobre que debe conter no interior os seguintes datos: nome, apelidos, enderezo, fotocopia do DNI e teléfono de contacto.
- 4º O xurado estará composto por lectores/as e persoas do mundo cultural e literario galego. Serán un total de cinco membros e un secretario ou secretaria en representación da Editorial Galaxia con voz, pero sen voto. O xurado terá plena facultade para interpretar as presentes bases naqueles supostos que o precisen.
- 5º O premio outorgarase á obra que por unanimidade ou, no seu defecto, por maioría de votos, sexa considerada merecedora da distinción. O xurado pode declarar deserto o premio.
- 6º A decisión do xurado será inapelable e farase pública nun acto en Vigo que se celebrará en abril de 2017, reservando a entidade organizadora o dereito a modificar esta data ou lugar se así o considera.
- 7º Entregarase un único premio, indivisible, de 3,000 euros. O autor ou a autora recibirá, ademais, unha escultura simbólica conmemorativa do Premio Illa Nova de Narrativa. A cantidade recibida computará en concepto de adianto de dereitos de autoría.
- 8º A obra premiada será editada e comercializada pola EDITORIAL GALAXIA na súa colección Literaria.
- 9º Os orixinais non premiados serán destruídos se despois de 1 mes da decisión non son retirados.
- 10º A Editorial Galaxia reserva, durante o prazo de 1 mes a partir do día en que se faga pública a decisión, un dereito de adquisición preferente da edición de calquera obra presentada ao premio que, sen alcanzar o galardón, sexa considerada de interese, previa subscripción do oportuno acordo entre as partes.
- 11º A participación neste premio implica a plena e total aceptación destas bases.